

Galicia Escena PRO

20
24

Do 27 ao 30
de maio de 2024

**Santiago
de Compostela**

Catálogo



XUNTA
DE GALICIA

LUNS
27

12.00
SALÓN TEATRO

A teteira de Kabul
(45 min)
Xarope Tulú

13.00
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO

Pitching (40 min)
#Influencers. NegroLópez
Al! Perfecto. Compañía Humana
Cortello de amor. Amorodio Teatro
Heroes en decembro. Ancoraxe e Vórtice Escénico
Reconversión. Ibuprofeno Teatro
Un deus salvaxe. Talía Teatro
Vitória. Iria Pinheiro

16.30
TEATRO PRINCIPAL

Noso (85 min)
Os Náufragos Teatro

18.15
AUDITORIO ABANCA

Frío (85 min)
A Feroz

20.00
SALÓN TEATRO

Madame (47 min)
CienfuegosDanza

MARTES
28

11.00
TEATRO PRINCIPAL

E entón, un xardín (50 min)
Paporrubio

12.00
SALÓN TEATRO

Kyoki (45 min)
Elefante Elegante

13.00
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO

Mesa
Os retos dunha programación cultural profesionalizada

16.30
AUDITORIO ABANCA

Non é unha canción (75 min)
Souvenir

18.15
PRAZA DA QUINTANA

Glamping
(50 min)
SU.MA

20.00
SALÓN TEATRO

⚠ **Función cancelada**
Insubmisa
Antagonista Teatro

20.00
TEATRO PRINCIPAL

⚠ **Novo horario e espazo**
Eu, Fraude!
(75 min)
Paula Pier

MÉRCORES
29

11.00
FUNDACIÓN SGAE
⚠ **Novo espazo**

La ratita presumida (45 min)
Tropos, Teatro de Títeres

12.15
PRAZA DE SAN MARTÍÑO PINARIO

Mesura (18 min)
Raquel Ferradás & Amarelo

The Exposure (11 min)
Tanit Cobas

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO

Mesa
Inclusión e diversidade

16.30
AUDITORIO ABANCA

A vida, un frenesí (75 min)
Barafunda Teatro

18.15
SALÓN TEATRO

O dragón de ouro (70 min)
Sarabela Teatro

20.00
TEATRO PRINCIPAL

É difícil fotografar o baleiro (60 min)
Colectivo D'Elas

22.30
SALA RIQUELA

Concerto
Sabela

XOVES
30

11.00
FUNDACIÓN SGAE
⚠ **Novo espazo**

Nanai da China (45 min)
Pérez&Fernández

12.30
AUDITORIO ABANCA

O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada (50 min)
ButacaZero

13.30
MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO

Pitching (40 min)
As terras do mar. DESFOGA
Collige virgo rosas. SÖA
Sobre o extravío ou a arte de perderse. Furia Sotelo
Transeúnte. Daniel Rodríguez
Triscos de maxia. Magia en la Manga

16.30
TEATRO PRINCIPAL

Ceibe (55 min)
Fran Sieira, compañía de danza

18.15
SALÓN TEATRO

Anõa
VERSIÓN FORMATO TRÍO (50 min)
Elvi Balboa

Galicia
Escena
PRO

Espectáculos

A teteira de Kabul

Xarope Tulú

Luns 27 de maio

12.00 h | Salón Teatro

A *teteira de Kabul* é unha obra de teatro de obxectos e monicreques de Xarope Tulú que fala do valor da paz. A súa protagonista é Mina, unha nena afgá que ten que abandonar o seu fogar como consecuencia da guerra. Xunto á súa familia emprende unha longa viaxe na que, a pesar das duras condicións, irá descubrindo a beleza do tránsito grazas ás historias que lle conta súa nai e que ela garda nunha teteira.

A *teteira de Kabul* está baseada no conto homónimo de Carolina Pujadas e é unha coprodución de Xarope Tulú coa ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz. A personaxe de Mina está inspirada na vida da escritora afgá Nadia Ghulam.

A PARTIR DE 6 ANOS
TEATRO DE OBXECTOS E MONICREQUES
45 MINUTOS

Autoría

Nicolás Zamorano
Atenea García

Dirección

Nicolás Zamorano
Atenea García

Adaptación

Atenea García

Escenografía

Nicolás Zamorano

Iluminación

Nicolás Zamorano

Son

Nicolás Zamorano

Vestuario

Núria Manzano

Música

Nicolás Zamorano

Vídeo e fotografía

Carlota Mosquera

Asistencia de dirección e animación de monicreques

Alba de Vales

Agradecementos

Tanxarina

Elenco

Atenea García
Xosé Manuel Esperante

Co financiamento de
Cooperación Galega,
Dirección Xeral de Relacións
Exteriores e coa Unión
Europea da Consellería
de Presidencia, Xustiza e
Deportes, Xunta de Galicia

A compañía

Xarope Tulú é unha compañía de teatro fundada en 2015 por Atenea García e Nicolás Zamorano e dedicada ás artes escénicas para a infancia. A compañía parte da idea de que a experiencia escénica permite medrar dun xeito libre e creativo, favorecer o descubrimento doutros mundos posibles e promover a reflexión. Á hora de crear e compoñer os seus espectáculos, Xarope Tulú busca achegar diferentes linguaxes escénicas: o teatro de obxectos, a música, a interpretación teatral e a narración oral, entre outras, procurando non aferrarse a un único estilo interpretativo.

A *teteira de Kabul*, *Lingoreiteira* e *Roupa tendida* son os espectáculos para público familiar máis recentes.

Espectáculos



Contratación

Helena Capera-Urdime
604 019 213
info@urdime.net
urdime.gal

Galicia Escena PRO

Noso

Os Náufragos Teatro

Luns 27 de maio

16.30 h | Teatro Principal

Nicolás reúne a súa familia para despedir o espazo que os viu crecer: a casa familiar cun vello ultramarinos bar que rexentaban seus pais e onde agora vive con María, a súa parella. A expropiación do lugar por causa da construción dun parque eólico é o motivo da xuntanza. A súa irmá Olivia acode acompañada de Rubén, despois de moitos anos sen contacto. Unha visita inesperada, as lembranzas do pasado, as relacións entres irmáns, a necesidade de mirar cara ao futuro e a importancia do pasado fan da nova produción de Os Náufragos Teatro unha dramedia familiar que fala do noso desde o rural deshabitado.

ADULTO
TEATRO
85 MINUTOS

Autoría
Gustavo del Río Prieto

Dirección
Gustavo del Río Prieto

Adaptación
Marisa de la Iglesia

Tradución
Daniel Pais

Escenografía
Marisa de la Iglesia

Iluminación
Daniel Pais

Son
Os Náufragos Teatro

Vestuario
Marisa de la Iglesia

Coreografía
Esther Aja

Axudantía de dirección
Irene Lorenzo

Elenco
Jimmy Nuñez
Rebeca Vecino
Daniel Otero
María Roja
Sete Eiroa

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Co apoio do Teatro Rosalía
Castro da Coruña

Claudia Franco



A compañía

Os Náufragos Teatro é unha compañía teatral galega, establecida na Coruña, cun amplo percorrido ás súas costas por escenarios de todo o territorio galego, así como de fóra. Fortemente comprometida cun teatro de corte social, a compañía vén dando visibilidade nas súas producións, desde hai décadas, ás realidades dos colectivos máis vulnerables ou marxinais, abordando temáticas como a discriminación por razón de identidade sexual, diversidade funcional, acoso escolar ou a violencia intrafamiliar.

Con *Hugo* a compañía obtivo o premio María Casares 2022 a mellor espectáculo infantil e o premio do público infantil 2023 da Mostra de Teatro de Cariño.

Contratación

Urdime
981 937 424
ola@urdime.gal
urdime.gal

Frío A Feroz

Luns 27 de maio
18.15 h | Auditorio ABANCA

Vidas leves, traxectos esvaídos que se entrecruzan a diario na neve efémera dunha cidade borrosa. Quen sabe exactamente o que vai facer cada día durante o resto da súa vida non abeira grandes temores nin demasiadas ilusións.

Akaki podería xurar que o seu porvir está escrito en liñas rectas con tinta esluída. El déixase ir nos riscos seguros e firmes da súa rutina que o protexe dos grandes males e das alegrías inesperadas. Pero a súa existencia ordenada e frugal vese alterada cando unha necesidade material inevitable interfere nela. Co fin de cubrila, traballará máis aló da extenuación. Será capaz de logralo? Conseguirá librarse do cruel frío de San Petersburgo?

ADULTO
TEATRO FÍSICO DE MÁSCARA
85 MINUTOS

**Idea, dramaturxia,
deseño e dirección**
Lorena Conde

Músico en escena
Guillermo Alzugaray

**Composición musical
e espazo sonoro**
Guillermo Alzugaray

Espazo escénico
A Feroz
Roberto Rama

Iluminación e son
Raúl Giraldo

Vestuario
A Feroz

Máscaras
A Maranha

Fotografía
Alberto Suárez

Produción
A Feroz

Elenco
Inés Salvado Gonta
Lolo Castro
Gustavo Freire
Bea Romero
Sergio Piñeiro

Verkami de apoio á
produción do espectáculo

Alberto Suárez



A compañía

«As ferozes» somos un grupo heteroxéneo reunido na volta do desexo de encarnar as nosas preocupacións e obsesións máis íntimas no espazo sacro da escena. Falamos das nosas cousas porque estamos convencidas de que o íntimo é universal e o persoal é político. Loitamos na vida e no escenario e non sabemos moi ben, nin nos interesa, onde acaba unha e comeza o outro.

Contratación

**Lilian Portela-
AMARELO Distribución**
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Madame CienfuegosDanza

Luns 27 de maio
20.00 h | Salón Teatro

Unha revisión da figura de Madame Warton e os seus espectáculos de *tableaux vivants*, representacións en vivo de cadros, esculturas, gravados... que cativaron o Londres de mediados do século XIX nunha proposta onde a figura feminina como empresaria, modelo, actriz e bailarina é central na peza.

Inspiradas na investigación realizada por Laura Monrós, as coreografías de Yoshua Cienfuegos devolven á contemporaneidade os corpos modelados dos *tableaux* de Warton, a partir dunha reflexión sobre conceptos como a voluptuosidade do corpo feminino, as restricións da feminidade na época vitoriana e figuras míticas da tradición occidental como Ariadna ou As tres Grazas.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA

47 MINUTOS

Autoría
Yoshua Cienfuegos

Dirección
Yoshua Cienfuegos

Iluminación
Germán Gundín

Vestuario
Yoshua Cienfuegos
Carmen Soriano

Música orixinal
Giuliano Parisi

Elenco
Ariadna Llussà
Carmen Coy
Laura López
Alejandro García
Natalia Thaïs

Co financiamento do proxecto de investigación AICO/2021/225 da Generalitat Valenciana, coa colaboración de Centro Coreográfico Canal e do IVC-Generalitat Valenciana

José Jordán



A compañía

Creada en 1999 polo coreógrafo e director de escena Yoshua Cienfuegos, CienfuegosDanza desenvolveu un traballo rigoroso co que conseguiu importantes premios nacionais e internacionais, así como o recoñecemento da crítica e do público. A versatilidade nas propostas e formas de entender a danza xunto cun depurado estilo e estética de movemento son as súas características principais.

Tras 25 anos, a proxección nacional e internacional demostra a calidade das súas creacións, ademais da consolidación dun estilo e unha maneira de entender e achegar a danza ao gran público. A busca constante de fórmulas novas retroalimenta as súas propostas coreográficas e postas en escena, así como outros campos como a investigación, o ensino, a inserción profesional de novos valores...

Contratación

Jesús Mascarós Mansilla
649 883 959
jesusmascaros@gmail.com
www.cienfuegosdanza.com

E entón, un xardín

Paporrubio

Martes 28 de maio

11.00 h | Teatro Principal

E entón, un xardín é unha peza para público familiar da compañía Paporrubio, escrita e dirixida por María Peinado, co actor Luchi Iglesias e coa música en vivo de Carlos Quintá. Unha comedia colorista e vitalista asentada no teatro de marionetas, na plasticidade do teatro de obxectos e na poética da imaxe.

Neste espectáculo, o xardín convértese nun lugar de celebración e reivindicación. Os vexetais e os animais son os protagonistas dunha historia estafalaria na que a natureza esperta e reivindica os seus dereitos. Unha comedia disparatada ao servizo da imaxinación para espertar valores como a empatía, a responsabilidade e o respecto. A necesidade dun latexar común co mundo natural.

A PARTIR DE 3 ANOS

TEATRO DE OBXECTOS E MONICREQUES

50 MINUTOS

Autoría

María Peinado

Dirección

María Peinado

Escenografía

María Peinado
Luchi Iglesias

Iluminación

Alberto Quintá
Fran Lareu
María Peinado

Son

María Peinado
Carlos Quintá

Música

Carlos Quintá

Deseño de marionetas

Luchi Iglesias
Armindo Salgueiro

Construción de escenografía e marionetas

Luchi Iglesias

Vídeo e fotografía

Santi García

Deseño gráfico

María Peinado

Producción

Paporrubio

Elenco

Luchi Iglesias
Carlos Quintá

A compañía

A compañía Paporrubio naceu en Lalín en 2013 da man do artista Luchi Iglesias, cunha personalidade enredante e argalleira e que desde moi novo se interesou polas formas de diversión da xente. Isto, unido ao seu traballo de actor, monicrequeiro e escenógrafo, deu como resultado Paporrubio, un proxecto que xira arredor dos xogos populares e tamén de producións propias como *E entón, un xardín*, *Transhumancia sonora* e *Varietés do animalario*.

Contratación

Emi Candal-Urdime

619 920 335

comunicacion@urdime.net
urdime.gal



Kyoki

Elefante Elegante

Martes 28 de maio
12.00 h | Salón Teatro

Kyoki é un espectáculo sen palabras, para todas as idades, que trata sobre esquecemento, vellez e soidade. O título, que significa demencia en xaponés, céntrase na dificultade de recordar, pensar ou decidir. A historia, a través de tres personaxes, unha avoa, a súa filla e unha doutora, mostra as experiencias tanto das persoas que coidan como das coidadas.

A través da linguaxe xestual e da interacción co escenario, o espectáculo crea un universo cómico e poético, viaxando da realidade á esaxeración da vida cotiá. A actriz protagonista utiliza a manipulación de obxectos e a sintonía coa música orixinal para expresar desexos, sentimentos e estados dramáticos, coa imaxe como protagonista.

A PARTIR DE 5 ANOS
XESTUAL
45 MINUTOS

Autoría
María Torres
Gonçalo Guerreiro

Dirección
Gonçalo Guerreiro

Escenografía
Gonçalo Guerreiro

Iluminación
Nacho Martín

Son
Manuel Fonte

Vestuario
Carolina Díquele

Música
Manuel Fonte

Elenco
María Torres
Mario Rodríguez

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Co apoio dos concellos de
Arteixo, Culleredo e Carral

A compañía

Elefante Elegante busca unha linguaxe artística plástica e poética, combinando teatro físico, danza, música e artes visuais. Explora temas sociais e existenciais a través da relación corpo-espazo, cunha investigación detallada de xestos e movementos. Os espectáculos destacan pola interacción dos intérpretes coa escenografía e a narrativa variada entre abstracción e trama teatral.

Fundada en 2000 por María Torres e Gonçalo Guerreiro, a compañía estableceuse en Galicia en 2007, con sede en Culleredo, e vén sendo recoñecida con premios María Casares desde o ano 2013.

Contratación

Xurxo Prieto
664 803 801
teatro@elefanteelegante.net
elefanteelegante.net



Non é unha canción Souvenir

Martes 28 de maio

16.30 h | Auditorio ABANCA

David e María, vestidas para iren de vacacións, preséntannos o espectáculo que imos ver. Non é unha canción, pero é algo parecido. Algo pasa entre elas, pero non é posible entender que é. Non é pasalo ben, nin pasalo mal, pero é algo parecido. Algo raro lle sucede ao espazo ou está o espazo facendo algo raro con María e David? Non é un espectáculo, pero é algo parecido.

En *Non é unha canción Souvenir* explora o universo do turismo de masas e a intelixencia artificial a través do seu particular humor acedo e absurdo.

ADULTO
TEATRO CONTEMPORÁNEO E ARTES DO MOVEMENTO
75 MINUTOS

Dirección

María de las Llanderas
David Alonso

Dramaturxia

María de las Llanderas
David Alonso

Iluminación

Violeta Martínez Rivera

Escenografía

Violeta Martínez Rivera

Vestuario

Daniela Rodas
Carmen Triñanes

Espazo sonoro

David Alonso

Asesoría de movemento

Olga Cameselle

Deseño gráfico

María de las Llanderas

Deseño logotipo

Laura Merchán

Fotografía e vídeo

Iria Casal

Construción de escenografía

Daniel Rodríguez

Produción

Sabela Ramos
Souvenir

Distribución

Mar Alonso
Souvenir

Dirección técnica en xira

Violeta Martínez Rivera

Técnica de son e audiovisuais

Sol Álvarez

Asesoría de comunicación

The Office
Comunicación

Interpretación

María de las Llanderas
David Alonso

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Iria Casal Lamata



A compañía

Souvenir é unha compañía galega de teatro contemporáneo e artes do movemento dirixida por María de las Llanderas e David Alonso. Souvenir é un espazo de encontro e de experimentación lúdica. Interésanos aquilo que está fóra do entendemento racional e da lóxica psicolóxica. A intuición, o azar, as artes do movemento e a súa combinación coa palabra son algúns dos eixes que vertebran o noso traballo. Procuramos unha forma de estar no mundo improdutiva, inútil e festiva. Tamén nos encanta recoller estímulos accidentais da rúa, aos que chamamos souvenirs, e que son a materia prima das nosas pezas.

Contratación

María de las Llanderas

678 808 564
souvenirgalicia@gmail.com
linktr.ee/souvenir.cia

David Alonso

637 117 082
souvenirgalicia@gmail.com
linktr.ee/souvenir.cia

Glamping SU.MA

Martes 28 de maio

18.15 h | Praza da Quintana

Tres amigos, tres personalidades, tres caracteres moi distintos, emprenden a aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cousa fácil e os conflitos toman parte na escena cotiá dos campistas. Superarán os nosos personaxes o reto de compartir un espazo común con elegancia?

Glamping é un espectáculo sobre as relacións humanas, onde calquera poderíamos ser ese personaxe en tensión que busca a mellor maneira de resolver a situación. Teatro xestual, música, acrobacia aérea, danza e swing en clave de clown.

FAMILIAR, TODOS OS PÚBLICOS
CIRCO, TEATRO FÍSICO, DANZA, MÚSICA

50 MINUTOS

Autoría

Sue Moreno
Mark Torrecillas
María Move

Escenografía

Mark Torrecillas
Sue Moreno
María Move

Vestuario

Mark Torrecillas
Sue Moreno
María Move

Elenco

Sue Moreno
Mark Torrecillas
María Move

Dirección

Gonçalo Guerreiro

Son

Raul Grillo
María Move

Música

Banda sonora
original: Raúl Grillo
Voz: María Move

A compañía

SU.MA é unha compañía de teatro xestual, circo, danza e música integrada por Sue Moreno, Mark Torrecillas e María Move. Presenta o seu primeiro espectáculo, *Ikigai*, en 2020, e unha segunda produción, *Glamping*, en 2022, ambos dirixidos por Gonçalo Guerreiro e con Raúl Grillo na creación e produción musical. Unha estética delicada e colorista, acrobacia aérea, música en directo, banda sonora orixinal e teatro físico en clave de clown son as bases de SU.MA circodanza.



Damián Varela Pastrana

Contratación

Erika Pereiro Silvosa
981 582 836
info@culturactiva.org
www.culturactiva.org

Insubmisa

Antagonista Teatro

Martes 28 de maio

20.00 h | Salón Teatro ▲ **Función cancelada**

Insubmisa é unha exploración e unha denuncia do máis insidioso mecanismo de control do patriarcado: a reescritura do relato.

No 431 a.C. Eurípides reformulou o mito clásico de Medea para compracer os nobres corintios, que desexaban limpar a imaxe da súa cidade. Dende entón coñecemos a Medea como a muller que matou os seus fillos por celos.

Pode ser libre unha muller se a súa historia a escriben os homes? Pode ser libre un individuo se debe responder ás expectativas alleas? *Insubmisa* pretende expoñer estas preguntas para confrontar o público coa posibilidade de que todos sexamos cómplices da manipulación individual e colectiva.

ADULTO
TEATRO

65 MINUTOS

Autoría
Jose Vaquero

Dirección
Marta Alonso
Pepe Domínguez

Escenografía
Diego Valeiras

Iluminación
Diego Valeiras

Vestuario
Diego Valeiras

Música
Christian Casas

Elenco
Iria Sobrado
Jose Vaquero
Javier Octavio de Toledo

altoruve



A compañía

Antagonista Teatro nace en 2016 na cidade de Ourense. Dende o inicio apostamos por un teatro contemporáneo que trate contidos de alcance universal partindo do particular. A performance, a danza e a música forman parte do noso código expresivo, co obxectivo de crear unha linguaxe propia e recoñecible ao servizo da nosa aposta polo valor social do teatro como punto de encontro e reflexión. Construímos pezas que removan e incomoden para completar coa mirada do público a nosa propia tese sobre a realidade.

Contratación

Jose Vaquero
646 366 826
antagonistateatro@gmail.com

Eu, Fraude!

Paula Pier

Martes 28 de maio

20.00 h | Teatro Principal **▲ Novo horario e espazo**

Eu, Fraude! é un espectáculo que fala da posibilidade de agarrarse forte á vida e de berrarlle ao mundo coa voz do noso propio ser. Abro o corazón e as entrañas e deixo que asomes a cabeza pola ventaiña da miña alma. Recito, bailo, conto e canto as miñas dores, as miñas alegrías, as miñas luces e as miñas máis témeras sombras.

Hoxe estamos aquí para facerlle un canto á vida. Cancións e textos de composición propia que nos impulsan, en forma de viaxe emocional, a liberarnos das caretas autoimpostas pola sociedade que nos separan de nós mesmas e das demais.

É, sen dúbida, unha historia de amor propio en forma de festa!

A PARTIR DE 12 ANOS
TEATRO, MÚSICA, POESÍA E FESTA

75 MINUTOS

Autoría

Paula Pier

Dirección

Paula Pier

Escenografía

Visualiza

Paula Pier

Iluminación

Laura Iturralde

As Dúas e Punto

Son

Lara Álvarez

Vestuario

Paloma Saavedra

Música

Paula Pier

Chus López

Sandra Pérez

María Velasco

Elenco

Paula Pier

Chus López

Sandra Pérez

María Velasco

Carlota Mosquera



A compañía

Despois de traballar en varios proxectos teatrais con outras compañías galegas, Paula Pier estrea o seu primeiro espectáculo de creación propia. Despois de cantar en vodas, bautizos e comuñóns familiares, estudar arte dramática e facer un máster en teatro musical, Paula Pier comeza a súa andaina neste mundo tan irremediamente electrizante escribindo en cadernos xa usados e dándolles forma de espectáculo á súa poesía, teatro e canción, e atopando no lugar de encontro a súa linguaxe artística propia.

Despois de todo e antes de nada, Paula Pier nace o 3 de decembro de 1991 coa necesidade de comunicar e de darlle a volta a aquilo de «mamá, quero ser artista» cun «mamá, creo que son artista».

Contratación

Paula Pier

665 016 234

paulapier3@gmail.com

La ratita presumida

Tropos, Teatro de Títeres

Mércores 29 de maio

11.00 h | Fundación SGAE | **Novo espazo**

O amor non se pode escoller. Ás veces chega e despois marcha. Ás veces queda para sempre e ás veces non o encontras nunca. Outras, telo tan cerca que nin o ves.

A ratiña Martina e o rato Martín son bos amigos. Un día, Martina encontra unha moeda e decide comprar un lazo na mercería do seu amigo Martín. Está tan guapa que empezan a choverlle os pretendentes: o Señor Pato, Don Sapiño, Don Gato... Cal será a mellor elección? A ratiña non se deixará conquistar facilmente, nin Martín permitirá que lle arrebatan o amor da súa vida.

DE 3 A 10 ANOS
TEATRO DE MONICREQUES E ACTORES
45 MINUTOS

Autoría
Charles Perrault

Dirección
Eduardo Guerrero

Adaptación
Guillermo Gil
Eduardo Guerrero

Escenografía
Tropos, Teatro
de Títeres

Iluminación
Jorge Nuevo

Son
Jorge Nuevo

Vestuario
Isis de Jesús
(La rata parda)

Elenco
Patricia Arroyo
Guillermo Gil

Co apoio da
Comunidade de Madrid

A compañía

Tropos, Teatro de Títeres é unha compañía de Madrid con 25 anos de traxectoria. O seu fundador e director, Guillermo Gil, actual director artístico do Teatro de Títeres del Retiro de Madrid, puxo en escena 10 espectáculos que participaron nos mellores festivais de España: FETEN, Festival de Almagro (mención especial do xurado), Teatralia... A compañía foi candidata nos Premios Max ao mellor espectáculo infantil por *Y los sueños, sueños son*, versión de *La vida es sueño*. Conta cun experimentado equipo de actores-manipuladores, presentes en producións como Los Guiñoles de Canal +, Los Lunnis, Playhouse Disney, El concierto, Avenue Q... e con Raquel Lázaro na distribución.

Contratación

Raquel Lázaro
622 009 552
info@troposteatro.com
troposteatro.com



Mesura

Raquel Ferradás&Amarelo

Mércores 29 de maio

12.15 h | Praza de San Martiño Pinaro

Mesura báilalle á espera en diferentes momentos da vida. En xeral, á inquietude e preocupación que xera. Soster, refuxiarse no movemento, adaptarse ás transicións e avanzar. Comezar de cero é sobrevivir no presente. Non hai pasado no cero. Hai que saber convivir coa espera para mirar o mundo aos ollos.

ADULTO
ARTES DO MOVEMENTO, ESPECTÁCULO DE RÚA
18 MINUTOS

Autoría
Raquel Ferradás

Dirección
Raquel Ferradás

Música
Collage de Raquel Ferradás sobre El Remolón, Alicia Smith e Tony Anderson

Elenco
Raquel Ferradás

Co patrocinio da
Axencia Galega das
Industrias Culturais,
a través do Centro
Coreográfico Galego

Javier Costela Vázquez



A compañía

Raquel Ferradás é bailarina e docente de danza contemporánea e moderna. Formada no Conservatorio Carmen Roche en Madrid (2017) e nos conservatorios Coppelia e Mayeuis de Vigo, complementa a formación con monográficos de coreógrafas e creadoras de primeiro nivel nacional e europeo.

Actualmente coproduce *Mesura* con Amarelo tras o programa de acompañamento a emerxentes Da Man. Baila ou bailou, entre outros, para Paula Quintas Cía., La Galga, Aracaladanza ou Ballet Carmen Roche. Foi premiada no Certame Coreográfico Compostela 2021 coa Cía. La Galga e gañadora do certame Carmen Roche con Lydia Martínez.

Contratación

Lilian Portela-AMARELO Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

The Exposure

Tanit Cobas

Mércores 29 de maio

12.15 h | Praza de San Martiño Pinaro

The Exposure é unha burbulla violeta que se ri da superficialidade, imita a pretensión e mostra o engano. Como público instruído e obediente, vives intensamente o que sucede no escenario. Con todo, as intérpretes poden estar a pensar en calquera outra cousa. Isto é a dramaturxia escondida: o mundo interior das bailarinas. Que pensan mentres bailan? Son seres reais?

Oh, querido público, estou farta de mentirvos! Necesito mostrarvos todas as cores do arco da vella e romper coa dualidade constante da vida. Necesito facer danza contemporánea en corpos actuais, onde son dona do meu pelo e das miñas zonas sen pelo; en mundos actuais, onde mostro as miñas opinións caendo do ceo sen complexos.

TODOS OS PÚBLICOS
ARTES DO MOVIMENTO, DANZA CONTEMPORÁNEA

11 MINUTOS

Autoría
Tanit Cobas

**Dirección
e coreografía**
Tanit Cobas

Vestuario
Marijo Torres
(Malahierba Bcn)
Tanit Cobas

Música
Alicia Casado

Voces
Pablo Navarro
Muñoz Tanit Cobas

Iluminación
Mario Turco

Fotografía
Zoran Varga

Interpretación
Pablo Navarro
Muñoz Tanit Cobas

Co apoio do teatro
estatal Musiktheater
im Revier, de Alemaña,
e da compañía de danza
MIR Dance Company

Zoran Varga



A compañía

Tanit Cobas é unha bailarina e coreógrafa coruñesa. Formou parte da compañía IT Dansa, onde tivo a oportunidade de interpretar pezas de Akram Khan, Alexander Ekman, Ohad Naharin, Lorena Nogal, Sidi Larbi Cherkaoui e Jiri Kylian. Máis adiante, traballa como bailarina na creación e interpretación de proxectos escénicos con La Veronal en *Zelenstova* e *Sonoma*, con Siberia en *La piel vacía*, *Stone & Silk* e *LEVE*, entre outros. Forma parte de MIR Dance Company, onde interpreta pezas de Fernando Melo, Felix Landerer, Roser López Espinosa, Jasmin Vardimon, Or Marin, Frank Pedersen e Club Guy&Roni.

Recibiu o premio a mellor bailarina no Mercat de les Flors pola súa interpretación en *Jellyfish* (2019).

Contratación

Lilian Portela-
AMARELO Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
vimeo.com/tanitcobas

A vida, un frenesí

Barafunda Teatro

Mércores 29 de maio

16.30 h | Auditorio ABANCA

Lol e Pop viven unha vida gris traballando nun almacén. A través dunha viaxe pola súa imaxinación móstrannos o paso do ser humano pola vida, dende a máis tenra infancia ata o ocaso da vellez.

A nosa asneira condúcenos a unha pronta extinción? Poderemos salvarnos? Esta tola parella de pallasos conta cunha receita para sobrevivir neste frenesí chamado vida: abrir o corazón e non parar de xogar e rir.

Espectáculo de comedia clown para todos os públicos que trata o paso do tempo, dende a infancia ata a vellez, a familia e a actualidade sociopolítica en clave de humor. A trama teatral, que interactúa co público, está dividida en sketches cómicos.

TODOS OS PÚBLICOS
TEATRO, CLOWN, COMEDIA

75 MINUTOS

Autoría

Manuel Castro Lima
Adolfo Maguna Strasser

Dirección

David Rodríguez Alonso

Escenografía

Beatriz de Vega

Iluminación

Beatriz de Vega

Son

Manuel Castro Lima
Adolfo Maguna Strasser

Vestuario

Manuel CastroLima
Adolfo Maguna Strasser

Música

David Rodríguez Alonso
Noemi Blanco Andrés

Elenco

Manuel CastroLima
Adolfo Maguna Strasser

Paula Marzoa



A compañía

Barafunda Teatro é unha compañía galega que leva máis de quince anos creando e distribuindo espectáculos de todo tipo: teatro de sala, teatro de rúa, teatro de monicreques, contacontos, música, clown e esculturas e decoración de globos.

Barafunda está formada por un equipo de profesionais especialistas en teatro, música, ocio educativo, animación sociocultural e creación de eventos e espectáculos. Actrices e actores, músicos, clowns e profesionais do mundo sociocultural forman un equipo que garante o éxito de calquera show.

Contratación

Manuel Castro Lima

629 383 536
barafunda@barafundaanimacion.com
barafundateatro.com

Noemi Blanco

986 221 218
xestion@barafundaanimacion.com
barafundateatro.com

O dragón de ouro

Sarabela Teatro

Mércores 29 de maio

18.15 h | Salón Teatro

Sarabela Teatro presenta, por primeira vez en galego, *O dragón de ouro*, unha traxedia contemporánea performática con ton grotesco de Roland Schimmelpfening, o autor alemán vivo máis representado a nivel internacional.

Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa. Un mozo chinés sofre unha forte dor de moas na cociña dun restaurante asiático de comida rápida. Non ten permiso de residencia nin atopa a súa irmá desaparecida.

O espectáculo aborda temas candentes no debate social como a inmigración ilegal e a prostitución forzada. Con humor fino e unindo fantasía e realidade. Unha posta en escena cun equipo xeneroso e entregado que dá o mellor de si para habitar un universo fascinante, único.

TODOS OS PÚBLICOS
TEATRO

70 MINUTOS

Autoría

Roland
Schimmelpfening

Dirección

Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación

Ánxeles Cuña Bóveda

Tradución

Catuxa Pato

Escenografía

Iris Blanco

Iluminación

Laura Iturralde

Son

Vadzim Yuknevich
Renata Coddá Fons

Vestuario

Ruth Díaz Pereira

Música

Vadzim Yuknevich

Dirección de movemento

Rut Balbís

Asesoramento textual

María Peinado

Elenco

Fernando Dacosta
Fina Calleja
Fran Lareu
Sabela Gago
Fernando González

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Rubén Vilanova



A compañía

Sarabela é unha compañía de creación escénica, formación teatral universitaria, produción e organización de festivais. Defende un teatro de repertorio, de acción, emoción, experiencia poética e comunitaria. Con máis de 60 premios no seu haber, nos seus máis de 40 anos de existencia, foi construíndo un equipo sólido con propostas artisticamente estimulantes, que van desde autores clásicos e contemporáneos ata adaptacións de autores que se achegan ás novas linguaxes escénicas e voces da dramaturxia. Teatro con selo propio, comprometido co tempo que lle toca vivir, en diálogo permanente coa comunidade.

Contratación

Fina Calleja

629 860 580

sarablateatro@yahoo.es

www.sarablateatro.com

É difícil fotografar o baleiro

Colectivo D'Elas

Mércores 29 de maio

20.00 h | Teatro Principal

É difícil fotografar o baleiro é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. É un cuestionamento poético da verdade, do centro, da transcendencia. Nunha viaxe entre os cantos eclesiásticos e a música techno de LLXNTO e Bruno Baw, as bailarinas móstrannos corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias, pero coas limitacións de seren mortais. Unha tentativa de habitar un corpo cru, doente, limitante, pero un corpo capaz de amar, sacrificar ou soñar máis aló. Unha falta de identificación, unha colectividade a partir do único que queda, o corpo. Unha busca do baleiro como centro de todas as cousas.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA

60 MINUTOS

Dirección

Julia Laport

Creación

Colectivo D'Elas

Iluminación

Nacho Martín

Vestuario

Elise Abella
Yago Valverde

Música

Bruno Baw
LLXNTO

Producción executiva

Julia Laport
Myriam González

Produce

Colectivo D'Elas

Interpretación

Andrea Castro
Eloi García
Iria Casal
Martín Sanjurjo
Myriam González
Noelia Mato

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Co apoio na cesión de
espazo de Peripécia Teatro
(Vila Real, Portugal), O
Ruiseñor Teatro (Culleredo),
Concello de Culleredo, Sala
Gurugú e Concello de Ferrol

Iria Casal Lamata



A compañía

D'Elas é un colectivo de danza integrado por dez artistas emerxentes de Galicia. Xúntanse en setembro de 2020 pola necesidade de desenvolver a través da colectividade e de levar as linguaxes das danzas urbanas á escena. D'Elas representa a resistencia. Nun contexto social e cultural onde xuntar un grupo tan grande de artistas nun proxecto profesional resulta case utópico, este colectivo atopa a súa potencialidade na unión e na forza conxunta.

En agosto de 2021 estrean *Occo*, dirixida por Julia Laport e Sabela Domínguez. Nesta nova produción, *É difícil fotografar o baleiro*, Julia Laport leva a dirección de seis intérpretes, todas elas con formación en danzas urbanas, club e contemporánea.

Contratación

Lilian Portela-
AMARELO Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Nanai da China Pérez&Fernández

Xoves 30 de maio

11.00 h | Fundación SGAE **Novo espazo**

Nanai é unha nena que naceu nunha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas reixéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir «non!» e axudarlle a seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtsé, en compañía de Chispum, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra esta estúpida superstición da xente, Nanai e seu avó elaboran un plan que non sae todo o tempo tan ben como debería.

Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar no que se fusionan os monicreques e os actores para representar esta orixinal historia, chea de maxia, aventuras e humor.

A PARTIR DE 5 ANOS
TEATRO DE MONICREQUES E ACTORES
45 MINUTOS

Autoría
Xabier Romero
Victoria Pérez

Dirección
Victoria Pérez

Escenografía
Montse Piñeiro

Iluminación
Montse Piñeiro

Son
Xabier Romero

Vestuario
Pérez&Fernández

Música
Xabier Romero

Monicreques
Iria Fafián
Montse Piñeiro

Elenco
Victoria Pérez
Manu Fernández

Co apoio do Concello
da Coruña

Corsino



A compañía

Pérez&Fernández é unha compañía de artes escénicas, creada por Victoria Pérez e Manu Fernández, especializada en proxectos para público familiar. Dende a súa creación no ano 2015, produciron espectáculos a partir de adaptacións literarias de títulos como *O poder de Amabel*, de Érica Esmoris, *Agurtrat*, de Roald Dahl, ou *Os nenos da variola*, de María Solar, peza galardoada en 2021 como mellor espectáculo para público familiar nos Premios María Casares e co premio Luísa Villalta pola igualdade. En 2023 estean *Nanai da China*, un texto orixinal de Victoria Pérez e Xabier Romero, premio María Casares ao mellor espectáculo de monicreques.

Contratación

Emi Candal-Urdime
619 920 335
emicandal@urdime.net
www.perezyfernandez.com

O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada

ButacaZero

Xoves 30 de maio
12.30 h | Auditorio ABANCA

Cunha sinceridade crúa, e o seu clásico humor irónico, Carrodegas aborda neste texto de auto[**NON**]ficción a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho desta nosa apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te escondas, a gordofobia sempre está ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

ADULTO
TEATRO
50 MINUTOS

Autoría
Esther F. Carrodegas

Dirección
Xavier Castiñeira

Música
Juanma LoDo

Elenco
Esther F. Carrodegas
Juanma LoDo

Ana Barceló



A compañía

ButacaZero é a plataforma creativa da dramaturga Esther F. Carrodegas e o director de escena Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga coa actualidade dende unha mirada crítica e irónica, espírito que inunda as dúas pezas coas que a compañía xira na actualidade. Por unha banda, *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, peza na que Carrodegas aborda en primeirísima persoa a relación co seu corpo dentro desta nosa apaixonante sociedade da fermosura. Por outra banda, *IRIBARNE*, estreada en coprodución co Centro Dramático Nacional e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, é un paseo pola nosa «tan exemplar transición» da man dun dos nosos referentes máis imprescindibles: Manuel Fraga.

Contratación

Esther F. Carrodegas
629 694 432
carrodegas@butacazero.com
butacazero.com/compania

Rubén Capelán
622 122 898
oficina@butacazero.com

Ceibe

Fran Sieira, compañía de danza

Xoves 30 de maio

16.30 h | Teatro Principal

Ceibe afonda na relación entre o xénero e a nosa tradición e nas súas formas de operar nos diferentes ámbitos cotiáns, incluíndo, por suposto, unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional galego. Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos, impostos socialmente para establecer distancia coa normatividade e arrastrala cara ás marxes e, desde aí, formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos.

A PARTIR DE 12 ANOS
DANZA

55 MINUTOS

Autoría

Francisco Sieira
González

Dirección

Francisco Sieira
González
Sergio R. Suárez

Escenografía

Laura R. Iturralde

Iluminación

Fidel Vázquez

Son

Isaac Millán

Vestuario

Érica Oubiña

Música

MounQup
(Camille Hedouin)

Elenco

Cristina Canosa
Aida Tarrío
Adela Otero
Artur Puga
Martín Mondragón
André Adrio
Patricia Sánchez
Adrao Casal
María Montero

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Co apoio da Deputación
da Coruña, Concello de
Ribeira, Concello de Ames,
Concello de Cangas, Cidade
da Cultura de Galicia,
A Casa Vella, Codisoil S.A.
e Bodegas Paco e Lola

Aigi Boga



A compañía

Fran Sieira, compañía de danza, creada no ano 2017, fundamenta o seu traballo nunha revisión do folclore galego dende un marco contemporáneo. A compañía estuda o movemento a través do baile tradicional galego e utilízao como o seu principal mecanismo de expresión, creando unha linguaxe do movemento de vangarda como reflexo da nosa tradición.

A través da creación colectiva achega proxectos artísticos con vocación social e con moi boa acollida entre o público. Desde as marxes, a compañía crea espectáculos que teñen a vontade de xerar conciencia social e devolverlle á sociedade aquilo no que se inspirou.

Contratación

Emi Candal-Urdime

619 920 335
distribucion@urdime.net
urdime.gal

Anõa

VERSIÓN FORMATO TRÍO

Elvi Balboa

Xoves 30 de maio
18.15 h | Salón Teatro

Anõa contémpase como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara que nos impoñemos, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax. Un espectáculo de danza pensado como un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía sensual, movemento e voz para lograr unha liberación catártica.

ADULTO
DANZA CONTEMPORÁNEA
50 MINUTOS

Autoría
Elvi Balboa

Dirección
Elvi Balboa

Iluminación
Andrés Galián

Son
Mourae

Vestuario
Elvi Balboa

Música
Mourae

Elenco
Marina Capel
Joel Pradas
Joan Aguilà

Espectáculo
coproducido polo Centro
Coreográfico Galego

Compañía residente no
Centro Coreográfico Canal.
Co apoio de Nau Ivanow,
Sala Apolo de Barcelona,
Auditori de San Martí,
L'Estruch-Fàbrica de creació
de les arts en viu, Eva
Gris Dansa e Trackdance

Ioar Labat



A compañía

A proposta artística de Elvi Balboa céntrase en servirle de vehículo á mensaxe da súa propia experiencia a través do corpo e a de todos os corpos que desexan «ser vistos» como individuais, recoñecerse e ser recoñecidos máis alá da colectividade á que pertencen. É, pois, mediante a linguaxe da danza, como encontra a estratexia de darlle forma á necesidade de compartir, comprender e cuestionar o individuo e o mundo que habita.

O corpo dótanos dun sentido de pertenza, de inclusión e de migración. O corpo é algo que non eliximos e cuxo potencial comunicativo permite, mediante o proceso creativo, cuestionar e cuestionarme quen son.

Contratación

Lilian Portela-
AMARELO Distribución
610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Galicia
Escena
PRO

Actividades PRO

Espectáculos en formato pitching

#Influencers NegroLópez

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

#Influencers é un espectáculo teatral que ofrece unha mirada cómica e reflexiva sobre a cultura que arrodea a creación de contido nas RR. SS., tomándoa como un espello no que se reflicte a sociedade contemporánea. Á fin e ao cabo, detrás dese mundo cheo de filtros, luces de cores e plástico, están milleiros de persoas que senten os mesmos problemas que o resto: precariedade, soidade ou mesmo dificultade para conciliar a vida profesional e familiar.

Deste xeito, convidamos o público a cuestionar a súa relación co mundo dixital, tratando temas como o impacto das redes sociais na construción da identidade, a necesidade de conseguir a aceptación social ou a alteración da nosa percepción da realidade.

Contacto

Iván Davila

628 789 623

somosnegrolopez@gmail.com

somosnegrolopez.wixsite.com/my-site

Galicia Escena PRO

AI! Perfecto Compañía Humana

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

AI! Perfecto pon no escenario unha muller duns 70 anos dialogando cun robot asistencial gobernado por intelixencia artificial. É unha comedia, con momentos intensos, sobre como afronta a nosa sociedade a vellez. Que facemos cos nosos maiores? Por que cada vez viven máis persoas soas nesa etapa da vida sen querer facelo? É a tecnoloxía unha posible solución ou é unha barreira que agocha a hipocrisía moral da sociedade actual?

O texto, escrito pola Compañía Humana, aborda dende o humor o problema, cada vez maior, do envellecemento da poboación. Cal será o papel, nun futuro non moi lonxe, da intelixencia artificial nas nosas vidas? Chega para axudarnos ou para deshumanizarnos?

Contacto

Fran Peleteiro

610 975 158

companiahumana@gmail.com

www.companiahumana.com

Antela Cid

679 796 069

antelacid@gmail.com

Actividades

Cortello de amor Amorodio Teatro

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Jack e Rose son unha parella de mozos que unha noite decide durmir no faiado para deixarlle o seu apartamento ao seu grupo de música favorito. A súa paixón reavívase nese pequeno espazo e teñen a idea de sacar un extra alugando o apartamento a turistas mentres eles pasan as noites no seu niño de amor. Cando as cousas comezan a complicarse dun modo insospeitado, con tramas de espionaxe, especulación inmobiliaria, unha veciña lercha, un sedutor italiano e natación con porcos, terán que preguntarse se acaso o seu niño non será un cortello, e todo o que fixeron, unha merda.

Cortello de amor é unha comedia física e de enredo, dirixida por Marián Bañobre, escrita por Laura Porto e coa banda sonora orixinal de Grande Amore.

Contacto

Carmen Facorro

666 129 454

amorodioteatro@gmail.com

amorodioteatro.com

Espectáculos en formato pitching

Heroes en decembro Ancoraxe e Vórtice Escénico

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Heroes en decembro é unha peza coral na que catro persoas se atopan para construír un relato común. Como sobrevivimos á nosa propia vida? Berta, escritora, afunde un coitelo no ventre. Agnes, sobrevivente do 11M, precipita a súa cadeira de rodas escaleiras abaixo. Xián, covarde, estando no bordo da ponte, non salta. Mar, traballadora social, vive a través das vidas dos demais.

O encontro no programa de repoboación rural Revivir, lonxe de axudarlles ás participantes, afúndea nunha indiferenza pouco propicia para recuperar as ganas de vivir. O suicidio de Khalid, a rebelión de Berta e a chegada de Mar, que busca gravar un documental, poñen en cuestión os piares sobre os que se sustenta todo.

Contacto

Sara Rey

633 641 326

ancoraxe@gmail.com

www.instagram.com/ancoraxe

Reconversión Ibuprofeno Teatro

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo. Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión naval na ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas dos anos 70 e 80. Unha viaxe desde a posguerra ata o felipismo, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a outro capitalista.

Contacto

Santiago Cortegoso Calvar

696 730 037

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

www.ibuprofenoteatro.com

Galicia Escena PRO

Un deus salvaxe Talía Teatro

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Despois de *Unha inimiga do pobo* afrontamos un novo espectáculo de gran formato. En escena, Marta Lado, Toño Casais, María Ordóñez e Dani Trillo, baixo a dirección de Artur Trillo e cun texto de Yasmina Reza. Unha comedia negra que explora temas como a hipocrisía, a intolerancia e a soberbia na sociedade. Dous nenos duns once anos enfróntanse con violencia nun parque. Os pais da «víctima» convidan á súa casa os pais do «agresor» para resolver o conflito. O que comeza sendo un diálogo, con bromas e frases cordiais, adquire unha tinte máis violenta a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuízos sociais.

Contacto

Artur Trillo

630 877 153

info@taliateatro.gal

www.taliateatro.gal

Actividades

Vitória Iria Pinheiro

Luns 27 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Vitória é o título da peza de teatro documental que conta o percorrido dunha denuncia por acoso sexual. A historia vai desde os feitos denunciados ata a fin do proceso xudicial, seis anos despois. Iria Pinheiro escribe *Vitória* coa intención de deixar un manual de supervivencia para as demais mulleres e tamén co propósito de formular preguntas para o cambio. *Vitória* é unha historia que non podía ser silenciada por máis tempo e que atopou no teatro o seu lugar.

A peza conta con Vanesa Sotelo na dirección, Mónica de Nut na música e con Arantza Villar, Salvador del Río e Iria Pinheiro na interpretación.

Contacto

Iria Pinheiro

633 340 988

iriapinheirosantos@gmail.com

www.grupochevere.eu/Equipo/29-Iria-Pinheiro

Espectáculos en formato pitching

As terras do mar DESFOGA

Xoves 30 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

As terras do mar, un proxecto dirixido a poboacións costeiras ameazadas pola subida do nivel do mar, busca concienciar sobre a vulnerabilidade das comunidades costeiras que dependen do mar para sobrevivir. A través da acción colectiva abordamos a crise climática dende unha perspectiva legal. A performance é en si mesma o simulacro dun xuízo, onde se exploran os límites dos dereitos cidadáns nun hipotético futuro onde os participantes esixen compensacións pola perda de patrimonio baixo o nivel do mar.

A estrea será en novembro durante a bienal de arte contemporánea Manifesta, en Barcelona.

Contacto

Matías Daporta

634 512 314

matiasdaporta@gmail.com

desfoga.eu

Collige virgo rosas SÖA

Xoves 30 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

O tempo que escapa e a infancia que deixamos atrás. Que sucede cando o noso neno interior permanece connosco e en que medida o controlamos. Podemos ser nenos para sempre? Cando deixamos de selo?

Unha obra sobre o xogo no seu estado de máxima pureza e sobre o adulto que esquece que noutroa tamén xogou. A través da comedia, o clown e a danza realizaremos unha viaxe en busca do noso verdadeiro eu, o neno que levamos dentro. Unha tregua á rapidez e un desfrute da xuventude. Quero ser novo para sempre. Quero ser eterno para sempre. Quero parar o tempo.

Contacto

Carlota Rosón Rojo

628 735 413

compania.soa@gmail.com

www.soateatro.com

Martín Blanco

656 521 270

compania.soa@gmail.com

www.soateatro.com

Galicia Escena PRO

Sobre o extravío ou a arte de perderse Furia Sotelo

Xoves 30 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Un solo de danza sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve, pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse.

Dirixida por Ana Vallés e interpretada por Nuria Sotelo, esta colaboración é parte dun percorrido profesional compartido desde 2009. Para o espazo sonoro contarase co traballo de Camille Hedouin (Mounqup) e no deseño de iluminación estará Laura Iturralde. Estrearase en Galicia na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas o 28 de xuño de 2024, baixo a cobertura da compañía Furia Sotelo, os centros de creación A Casa Vella, en Galicia, e L'animal a l'esquena, en Cataluña, e o acompañamento de Amarelo Distribución.

Contacto

Nuria Sotelo

657 278 320

furiasotelocia@gmail.com

Actividades

Transeúnte Daniel Rodríguez

Xoves 30 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Daniel Rodríguez, creador e intérprete de danza, presenta *Transeúnte*, un espectáculo no que dialogan a música, o canto e a danza tradicional coa danza contemporánea e os seus contextos. A súa estrea está prevista a principios de 2025.

Despois do éxito de *A raíz de*, peza curta para rúa, e o seu traballo como director artístico e de movemento para Mondra e Fillas de Cassandra, Daniel Rodríguez recibe a residencia de investigación en Teatros del Canal, Madrid, para a creación do seu primeiro espectáculo para sala que xunta seis intérpretes en escena con música en directo de Aida Tarrío e Artur Puga.

Contacto

Lilian Portela-

AMARELO Distribución

610 106 808

lilian@amarelo.es

Espectáculos en formato pitching

Triscos de maxia Magia en la Manga

Xoves 30 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Triscos de maxia, da compañía Magia en la Manga, é unha proposta de maxia de cerca, rotativa, para espazos non convencionais. Tres grupos reducidos de espectadores rotan entre tres espazos separados e diferenciados para ver tres microsesións de maxia, cada unha a cargo dun ilusionista diferente. As tres experiencias, aparentemente illadas e integradas en cada espazo, culminan nunha revelación imposible común a todo o público e nunha experiencia innovadora que procura enxalzar a maxia de cerca como a máis persoal e vangardista.

Contacto

Óscar Isaac Fernández Fernández

686 300 367

info@magiaenlamanga.com

magiaenlamanga.com

Os retos dunha programación cultural profesionalizada

Martes 28 de maio | 13.00 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Na organización da programación escénica de espazos públicos están implicados diferentes profesionais. A medida que o sector se profesionaliza, é importante examinar a colaboración entre as administracións públicas e o sector privado nas programacións culturais. Ademais, é fundamental ofrecer formación continuada para os profesionais, especialmente en áreas como a mediación e a programación cultural escénica.

Na mesa de debate analizaremos os modelos existentes de xestión cultural e destacaremos novas formas de enfoque, especialmente no que se refire á incorporación de postos profesionais da xestión cultural, ou á súa ausencia, na programación pública.

Interveñen

Leandro González

Xestor cultural e responsable da programación escénica do Concello de Santa Cruz de Tenerife

Josep Marquès

Director do Teatre des Born de Ciutadella

Marian Osácar

Xestora cultural

Ana López Asensio

Directora do Teatro Antzokia de Barakaldo

Modera

Gustavo del Río

Organización Galicia Escena PRO 2024

Inclusión e diversidade

Mércores 29 de maio | 13.30 h

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Galicia é actualmente pioneira na redacción dunha Lei de Cultura inclusiva. E dende Galicia Escena PRO queremos abordar os desafíos que se nos presentan a este respecto con profesionais que contan xa cunha ampla experiencia na promoción da inclusión e da diversidade nas artes escénicas dende o punto de vista da creación e da programación.

Están os espazos escénicos habilitados para creadoras e creadores con discapacidade? E para o público? Existen modelos de mediación para públicos neste sentido?

Interveñen

Carmen Calviño

Subdirectora xeral de Arquivos e Museos da Xunta de Galicia

David Ojeda

Director de escena da compañía Palmyra Teatro

Carlota Pérez

Directora do Sacra Festival e da compañía Experimenta Danza

Toni Casares

Director da Sala Beckett de Barcelona

Modera

Xosé Paulo Rodríguez

Director do Teatro Rosalía Castro da Coruña e membro da comisión de inclusión da Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales

Zona PRO

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Praza de Praterías, s/n
Santiago de Compostela

Acreditacións e información

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h

Espazo de traballo e encontros profesionais

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Escena Galega



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO



CONCELLO DE
SANTIAGO

//Afundación
Obra Social ABANCA



Feira asociada á

cofae
COORDINADORA DE
FEIRAS DE ARTES
ESCÉNICAS